

# Concurso de postais de Nadal

## Bases



- 1º Os traballos presentaranse nun folio tamaño A-5 (metade dun folio) en sentido horizontal, co nome do alumno/a na parte da atrás do folio.
- 2º A técnica e os materiais a empregar serán de carácter libre.
- 3º Valorarase a creatividade e a orixinalidade das postais.
- 4º Seleccionarase unha postal por cada Nivel; destas elixirase unha de E. Infantil e tres de E. Primaria que serán as que se empregarán para elaborar a felicitación do Centro para as familias.
- 5º Poderá quedar algún Nivel deserto.
- 6º Cada clase colocará todas as súas postais nunha cartolina ou papel continuo e logo exporanse para facer a selección onde cada grupo considere.
- 7º Todos os seleccionados recibirán un agasallo como recoñecemento o seu traballo.
- 8º Constituirase un xurado con dous mestres/as de Educación Infantil e dous mestres/as de Educación Primaria. Cada un deles seleccionará as postais da etapa á que correspondan.
- 9º A data límite de entrega das postais será o 11 de decembro.

Grazas pola vosa colaboración.